

VALORACIÓN DEFINITIVA PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUIDAS
REF: QUANTUMSPAIN-24-TSP2

Publicadas as valoracións provisionais o pasado 11 de outubro de 2024 recibíronse en prazo reclamacións ás puntuacións, e logo de reunirse a comisión de selección para a revisión dos méritos a fin de responder a estas reclamacións, resultan as seguintes puntuacións definitivas de méritos para cada un dos criterios fixados nas bases:

NOME	C1	C2	C3	C4	C5	C6	C7	Total
Carballido Costas, Álvaro	8,93	10						18,93
Rodríguez-Moldes Díaz, Manoel Anxo	7,88	10					1	18,88
Expósito Patiño, Daniel	7,95						2	9,95
Ramírez Romero, Alejandro	7,30						0,5	7,80
Martín Paniagua, Pablo	7,77							7,77

C.1. Expediente académico (media expediente. Puntuación máxima 10 puntos).

C.2. Título de Doutor nalgunha das áreas esixidas para a titulación (8 puntos polo título de Doutor nalgunha das áreas indicadas; 10 puntos polo título de Doutor nalgunha das áreas indicadas con cualificación cum laude; 15 puntos se a tese doutoral ten como temática principal a QC ou a Información Cuántica; 30 puntos se a tese doutoral ten como temática principal a paralelización distribuída en HPC).

C.3. Dirección ou titorización de proxectos de fin de grao, ou fin de máster (1 punto por TFG; 1,5 puntos por TFM. Puntuación máxima 10 puntos).

C.4. Participación en proxectos de I+D+I relacionados coas tecnoloxías cuántica ou a paralelización en HPC (1 punto por cada mes de participación en proxectos relacionados coas tecnoloxías cuánticas; 1 punto por cada mes de participación en proxectos relacionados coa paralelización en HPC. Puntuación máxima 40 puntos).

C.5. Publicacións científicas en revistas con revisión por pares relacionadas coas tecnoloxías cuánticas ou a paralelización en HPC (1 punto por cada publicación relacionada tecnoloxías cuánticas; 2,5 puntos por cada publicación relacionada coa paralelización en HPC. Puntuación máxima 5 puntos).

C.6. Formación en HPC, QC e tecnoloxías asociadas. (0,2 puntos por cada 10 horas de formación presencial, cun máximo de 1 punto por curso, sobre programación en computación paralela ou QC; 0,1 puntos por cada 10 horas de curso de formación presencial sobre programación en varias linguaxes, cun máximo de 1 punto por curso. Puntuación máxima 2 puntos).

C.7. Inglés (0,5 puntos por certif. B2, 1 punto por certif. C1 e 2 puntos por certif. C2. Puntuación máxima 2 puntos).

De acordo coass bases da convocatoria, pasarán a segunda fase (entrevista) "os 10 candidatos que obtiveran a maior puntuación e un mínimo de 10 puntos"





FUNDACIÓN CESGA
TÉCNICO/A SUPERIOR DE PROXECTO
Ref: QUANTUMSPAIN-24-TSP2

Este requisito so o cumpren dous candidatos que obteñen máis de 10 puntos na primeira fase, polo que a Comisión convoca á entrevista aos seguintes candidatos, o día **18 de outubro de 2024**, á hora indicada na táboa seguinte e cunha duración estimada de 15 minutos:

Nome	Remoto/presencial	Hora
Carballido Costas, Álvaro	Presencial	9:00
Rodríguez-Moldes Díaz, Manoel Anxo	Presencial	9:20

Calquera consulta ou aclaración debe dirixirse a: emprego@cesga.es ou no teléfono 981 569810

En Santiago de Compostela á data da sinatura dixital

Andrés Gómez Tato
Presidente da Comisión de Selección

José Carlos Mouriño Gallego
Secretario da Comisión de Selección

